



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproban e se fan públicas as relacións de persoal docente interino e substituto excluído definitivamente das listas desta consellería.

O punto décimo terceiro, apartado primeiro e segundo, da Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG nº89, do 10 de maio) establece que o profesorado interino e substituto terá a obriga de presentarse aos procedementos selectivos de ingreso aos corpos correspondentes convocados por esta consellería, sempre que se convoque a súa especialidade e que decaerá dos seus dereitos e será excluído das listas o profesorado interino ou substituto que non se presente aos procedementos selectivos, ou se retire destes, agás causa xustificada, libremente apreciada pola Comisión de Seguimento deste acordo.

Así mesmo, o apartado terceiro determina que non decaerán do seu dereito aquelas persoas que figurando nas listas de chamamentos iniciasen a súa primeira interinidade ou substitución con posterioridade ao remate do prazo de solicitudes para participar no concurso-oposición.

Pola súa vez, o apartado quinto da mesmo punto, dispón que cumprirán o requisito de participar nos procedementos selectivos aquelas persoas que se presenten:

- A unha especialidade distinta da que están impartindo.
- A unha especialidade dun corpo distinto do que están impartindo docencia.
- En calquera convocatoria de concurso-oposición de acceso á función pública docente realizada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, ou unha Administración educativa doutra Comunidade Autónoma.

Con base nos citados apartados, e logo da sesión da Comisión de Seguimento deste acordo que tivo lugar o día 22 de xullo de 2024, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer públicas as relacións de persoal docente interino e substituto excluído definitivamente das listas desta consellería polas causas que se indican no Anexo I (Primaria) e Anexo II (Secundaria) no portal de internet desta consellería, www.edu.xunta.gal.

Segundo. O persoal docente interino e substituto que se reflicte nos anexos anteriormente citados decaerá dos seus dereitos en todas as listas das que forme parte.

Terceiro. Esta resolución surtirá os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro. Contra esta resolución o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web desta consellería, dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade co Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

